



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ESTUDANTADO DO MESTRADO INTERUNIVERSITARIO EN LINGÜÍSTICA APLICADA (MILA) NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas das/dos estudantes do Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo nas instalacións das escolas oficiais de idiomas de Galicia e achegar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica que fose precisa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Real Decreto 822/2021 do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguranza da súa calidade; normativa de prácticas académicas externas das universidades asinantes; normativa do plan de estudos da titulación; Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario; Real decreto 592/2014, do 11 xullo, polo que se regulan as prácticas académicas dos estudantes universitarios.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández

